

homes neste ámbito. Para iso, cómpre que o Estado se comprometa a promover unha igualdade no ámbito do traballo que vincule todas as partes do mercado laboral a través dunha lexislación máis igualitaria canto ás prestacións por este motivo.

Por último, na situación actual non podemos prognosticar as eleccións que as nais e os pais farán nin as repercusións que tales eleccións terán nas súas vidas, nas dos seus fillos, nos negocios ou na economía. No entanto, o certo é que no contexto en que vivimos a escolla entre a familia e o traballo está limitada, o que tamén restrinxe a nosa capacidade para evolucionarmos cara a unha sociedade máis xusta que reduza as desigualdades e fomenta a xustiza social entre os traballadores con e sen fillos.

GÓMEZ ALÉN, J. e VEGA GARCÍA, R. (coords.) (2010)
Materiales para el estudio de la abogacía antifranquista.
Madrid, Ediciones GPS, 711 pp.

María Asunción López Arranz

Profesora de Dereito do Traballo e da Seguridade Social da Universidade da Coruña

1. A xustiza social, os dereitos humanos, o traballo decente e a igualdade de toda a cidadanía ante a lei son termos que para as novas xeracións soan compasados ao seu nacemento e aos anos vividos, mais trátase de dereitos que se conseguiron grazas á loita de moitos homes e mulleres deste país. En tal empresa o papel dos expertos no mundo do dereito, en concreto o dos avogados laboristas, resultou non pouco relevante, e é precisamente o recoñecemento e a homenaxe destes profesionais o que pretende a monografía que aquí se comenta. Así, nela realízase o estudo da realidade dun pasado recente en que os avogados laboristas, desde o seu quefacer diario, deron un importante exemplo de loita pola xustiza social en tempos de gran dureza xurídico-política, o que para algúns deles mesmo supuxo a perda da vida.

2. A estrutura da obra articúlase en tres seccións ben diferenciadas, subdivididas en apartados e introducidas por textos institucionais e unha presentación. Cada unha das

seccións ofrece diversos testemuños realistas que manteñen o interese do/a lector/a por coñecer o estado das cousas nunha época da nosa historia contemporánea, a ditadura franquista, que non debemos esquecer.

– Na primeira sección, baixo a epígrafe de *Semblanzas bibliográficas*, José Gómez Alén, Manuela Aroca Mohedano, Javier Tébar Hurtado, Alberto Gómez Roda, José Ángel Etxaniz Ortúñez, José Antonio Pérez Pérez e Carlos Gordon debullan a perspectiva do dereito e dos seus axentes no compromiso coa democracia e cos principios da xustiza social para desenvolveren nunha época de carencia de dereitos, de forma seria e baixo o prisma da experiencia, os temas e os compromisos sociais.

– Na segunda sección, titulada *Fuentes para el estudio de la abogacía antifranquista*, Claudia Cabrero Blanco, Irene Díaz Martínez e Carlos Gordon recompilan as principais fontes documentais para a análise desta cuestión, desde materiais en arquivos de titularidade estatal e organizacións políticas e sindicais até xurisprudencia do Tribunal de Orde Pública, así como fontes hemerográficas, orais e doutro tipo, o que permite tamén a utilización do libro como manual ou instrumento para futuras investigacións.

– Na terceira sección, *Selección de documentos*, de novo Claudia Cabrero Blanco, Irene Díaz Martínez e Carlos Gordon achegan unha interesante escolma de materiais históricos sobre os sindicatos verticais e independentes, os avogados de obreiros e participantes en procesos políticos, a loita antifranquista organizada, o activismo profesional, as mulleres avogadas e a loita polos dereitos femininos, os colexios de avogados, a represión e a violencia política contra os avogados, as organizacións internacionais de xuristas e a xustiza democrática.

A achega de todo este material supuxo un importante traballo para os autores, que souberon recoller o legado da vida de tantas e tantas persoas relacionadas coa xustiza, fosen avogados ou calquera outro tipo de asesores e traballadores. Ao tempo, cabe notarmos que se trata de textos en moitos casos aínda de actualidade, pois nalgúns aspectos a loita continúa.

3. A modo de conclusión diremos que esta recompilación de materiais para o estudo da avogacía antifranquista é un estudo especialmente rico en vivencias humanas do ámbito do dereito laboral, dunha época escura da nosa historia en que os autores son expertos. Así o souberon transmitir no seu libro, e mesmo deron un paso máis para comprometeren os novos investigadores a seguir investigando no tema a partir da súa documentación e así nunca esquecer que a misión dos xuristas é estar sempre á procura da xustiza e da defensa dos dereitos das persoas.